

C.E.I.P.

PROGRAMACIÓN LONGA PARA A EDUCACIÓN PRIMARIA NA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.



Curso 2000/01

1.	Obxectivos xerais da Área de Educación Física para o 1º Ciclo de E. Primaria.....	4
2.	Obxectivos xerais da Área de Educación Física para o 2º Ciclo de E. Primaria.....	4
3.	Obxectivos xerais da Área de Educación Física para o 3º Ciclo de E. Primaria.....	5
4.	Concreción dos contidos.....	5
	4.1. O CORPO. IMAXE E PERCEPCIÓN.....	6
	4.2. O CORPO: HABILIDADES E DESTREZAS.....	8
	4.3. O CORPO: EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN.....	9
	4.4. SAÚDE CORPORAL.....	11
	4.5. OS XOGOS.....	12
5.	Criterios metodolóxicos e organización.....	13
6.	Material e recursos.....	14
7.	Avaliación.....	14
	7.1. Instrumentos e procedementos de avaliación.....	15
	7.1.1 Probas específicas.....	15
	7.1.2 Observación sistemática.....	15
	7. 2.Criterios de avaliación para o 1º Ciclo de E. Primaria.....	15
	7. 3.Criterios de avaliación para o 2º Ciclo de E. Primaria.....	16
	7. 4.Criterios de avaliación para o 3º Ciclo de E. Primaria.....	16
8.	Temporalización.....	16

1. Obxectivos xerais da Área de Educación Física para o 1º Ciclo de E. Primaria.

1. Recoñece-las diferentes partes do seu corpo, descubriendo as súas posibilidades de movemento e utilizando o xogo como medio de actividade física.
- 2.a. Adoptar unha postura correcta, e coñece-los riscos que entraña para a saúde non facelo.
- 2.b. Coñece-las situacións de risco que leva consigo a actividade física.
- 2.c. Sensibilizar ó alumno na adquisición de hábitos de hixiene persoal e de alimentación correcta.
- 3.a. Identificar diferentes graos de complexidade na actividade física , duración, distancia, etc..
- 3.b. Recoñece.la relación que hai entre as actividades físicas que se fan e o seu efecto inmediato no organismo.
- 3.c. Aproveitamento da actividade física independentemente dos resultados.
- 4.a. Desenrolo das capacidades motoras mediante situacións lúdicas.
- 4.b. Experimenta-las posibilidades e limitacións do movemento no entorno habitual.
- 4.c. Acomoda-lo movemento partindo de estímulos visuais e/ou auditivos.
- 4.d. Aprecia-las distancias, o censo e a velocidade nos propios desprazamentos.
5. Tomar conciencia dos movementos dos brazos e o eixo corporal, e acomoda-los movementos a distintas situacións coñecidas.
- 6.a. Participar de forma habitual en calquera tipo de actividade física, de xeito lúdico e sen ter en conta os resultados.
- 6.b. Acepta-los seus compañeiros independentemente das súas características persoais, sociais e sexuais.
- 6.c. Respecta-las normas de xogo establecidas, tanto polo grupo de xogo, coma polo regulamento do xogo.
- 6.d. Controlar conductas que desestabilicen a harmonía do grupo nos xogos de cooperación e oposición.
- 7.a. Coñecer distintas actividades físicas que formen parte do entorno habitual.
- 7.b. Participar activamente nas actividades físicas que se desenrolen na escola e no entorno habitual.
- 7.c. Utiliza-lo espazo no que se desenrolan as actividades físicas, de xeito adecuado.
8. Adecua-los movementos corporais a ritmos sinxelos.

2. Obxectivos xerais da Área de Educación Física para o 2º Ciclo de E. Primaria.

- 1.a. Interiorizar e decatarse da mobilidade, tanto do eixo principal coma dos distintos segmentos en diferentes posicións.
- 1.b. Identificar e valorar situacións de xogo e toma-lo como medio para relacionarse cos compañeiros.
- 2.a. Coñecer normas básicas de alimentación, así coma consolida-los hábitos de hixiene persoal mais específicos da E. Física.
- 2.b. Toma-las precaucións debidas para evitar accidentes.
- 3.a. Desenrolo da autoestima tendo como base a valoración do grao de esforzo necesario para determinadas actividades físicas.
- 3.b. Participar a gusto en calquera actividade física, independentemente da súa capacidade.
- 4.a. Utiliza-lo seu repertorio de movementos para solucionar problemas que impliquen unha percepción espazo-temporal axeitada.
- 4.b. Aprecia-las distancias, o censo e a velocidade nos desprazamentos de móbiles.
- 4.c. Resolver problemas de movemento que teñan a súa esixencia centrada nos mecanismos de percepción e decisión.

- 4.d. Executar habilidades coñecidas, seleccionando os movementos máis axeitados ás súas posibilidades.
- 5.a. Decatarse da mobilidade corporal independizando os brazos e as pernas do eixo corporal.
- 5.b. Utiliza-lo espacio no que se move de xeito adecuado.
- 6.a. Participar de forma habitual en xogos populares e tradicionais, iniciándose na exploración e a aventura.
- 6.b. Acepta-lo papel que lle corresponde en calquera tipo de xogo.
- 6.c. Coñece-los distintos tipos de xogos.
- 6.d. Coñece-las estratexias básicas do xogo.
- 7.a. Coñecer e practicar diferentes actividades físicas reguladas .
- 7.b. Axudar a organizar diferentes actividades físicas e deportivas ocupándose de coloca-lo material necesario para a súa realización.
- 7.c. Coñecer actividades físicas propias de Galicia e practicalas.
- 8. Practicar ritmos e bailes populares.

3 Obxectivos xerais da Área de Educación Física para o 3º Ciclo de E. Primaria.

- 1.a Tomar conciencia da posición do corpo e do seu control en situacións que non sexan cotiás ni habituais.
- 1.b. Acepta-la súa realidade corporal, empregando o xogo como recurso. Realizar e organizar xogos no seu tempo libre.
- 2. Sistematiza-los aprendizaxes de ciclos anteriores en canto a hábitos alimenticios, hixiénicos e medidas de seguridade.
- 3.a. Dosifica-lo esforzo mediante o coñecemento das propias capacidades e as dos compañeiros.
- 3.b. Mostrar boa disposición para calquera tipo de actividade física, acadando o máximo rendemento de si mesmo.
- 4.a. Solucionar problemas de estruturación espacio-temporal creados pola introducción de elementos máis complexos.
- 4.b. Resolver problemas nos que diminúa o tempo empregado segundo sexa a selección de forma e tipo de movemento, executándoos de xeito satisfactorio.
- 4.c. Recoñecer e valora-la capacidade de resolver problemas motores de un mesmo e dos compañeiros.
- 5.a. Tomar conciencia do ton, relaxación e equilibrios estático e dinámico en situacións diferentes.
- 5.b. Apreciar correctamente diferentes traxectorias de móbiles en situacións lúdicas.
- 5.c. Adapta-las capacidades físicas básicas e destrezas motoras a outros medios descoñecidos.
- 6.a. Manifestar solidariedade e compañeirismo en calquera actividade física.
- 6.b. Coñece-las estratexias básicas do xogo (cooperación, oposición, cooperación/oposición).
- 6.c. Distinguir entre deportes consolidados, e deportes adaptados a eles.
- 6.d. Aumenta-la competencia motora mediante os deportes adaptados.
- 7.a. Valorar, coñecer e practicar diferentes deportes, adaptados e alternativos.
- 7.b. Coñecer actividades deportivas de diferentes Comunidades e o entorno no que se desenrolan.
- 7.c. Ocuparse do mantemento tanto dos materiais como dos lugares nos que se practican os deportes aprendidos.
- 8.a. Imitar movementos de complexidade progresiva, partindo de modelos establecidos.
- 8.b. Transmitir diferentes sensacións e estados de ánimo, utilizando as posibilidades que nos ofrece o noso corpo en movemento.
- 8.c. Recoñecer sensacións, ideas e estados de ánimo nos outros compañeiros

mediante os acenos e os movementos.

4. Concreción dos contidos.

4.1. O CORPO. IMAXE E PERCEPCIÓN

Primeiro Ciclo	Segundo Ciclo	Terceiro Ciclo
<p>Conceptos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecemento das partes do corpo propio e do dos demais. 2. Toma de conciencia global e segmentaria do corpo en repouso, conciencia postural, prestando máis atención ós membros superiores e ó eixo corporal. 3. Esquerda e dereita respecto de si mesmo (lateralidade). 4. Relacións topolóxicas básicas (dentro, fóra, arriba, abaixo, diante, detrás, etc.) 5. Respiración (inspiración, expiración) por boca e nariz, torácica e diafragmática, ton e relaxación global. 6. Percepcións espacio-temporais, estruturas rítmicas sinxelas. 7. Coordinación óculo-motriz. 8. Coordinación dinámica xeral. 9. Equilibrio. <p>Procedementos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Utilización, percepción, identificación e representación do propio corpo e do dos demais. 	<p>Conceptos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Lateralidade respecto ós outros e ós obxectos. 2. Os sentidos. 3. Aspectos propioceptivos: conciencia postural. Independencia dos membros superiores e inferiores do eixo corporal. 4. Elementos orgánico-funcionais relacionados coa relaxación e a respiración. 5. Coordinación global. 6. Equilibrio en movemento. 7. Relacións espaciais: dirección, sentido e orientación. 8. Relacións temporais: ritmo, duración, secuencia, velocidade. 9. Nocións asociadas a relacións espaciais e temporais. <p>Procedementos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñecemento de dereita e esquerda nos demais cando se están movendo. 2. Desenrolo sensorial o entorno pouco habitual con poucos elementos. 3. Decatarse da actitude postural. 4. Relaxación segmentaria e consciente. 5. Control da respiración en movemento. 	<p>Conceptos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Control da postura, en repouso e cando se move. 2. Elementos orgánico-funcionais: harmonía entre respiración e movemento e dosificación do esforzo. 3. Coordinación dinámica xeral. 4. Alternancia de equilibrio estático e dinámico. 5. Nocións asociadas a relacións espacio-temporais. <p>Procedementos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Interiorización da actitude tónico-postural en repouso e en movemento. 2. Relaxación activa voluntaria. 3. Control da respiración en distintas situacións. 4. Coordinación visomotora en situacións que impliquen unha combinación dos diferentes factores que interveñen. 5. Coordinacións aumentando o grao de dificultade. 6. Control do equilibrio en calquera situación, superficie ou posición, estando quedo ou movéndose.

Primeiro Ciclo	Segundo Ciclo	Terceiro Ciclo
<p>2. Adopta-las principais posturas corporais e tomar conciencia da mobilidade do eixo corporal e os membros. Posibilidades de movemento de carácter segmentario en situacións estática e estática con manexo de instrumentos.</p> <p>3. Afirmación da lateralidade corporal.</p> <p>4. Orientación no espacio en relación a si mesmo e ós demais nun espacio coñecido e inmóbil.</p> <p>5. Control da respiración en situación de repouso. Relaxación global, procurando limita-los tempos de inmovilidade.</p> <p>6. Recoñecemento e adaptación a diferentes duracións. Apreciación de distancias respecto dun mesmo, de outro ou dun obxecto. Sincronización do movemento corporal a estruturas rítmicas sinxelas. Percepción e estruturación do espacio en relación co tempo dos desprazamentos propios e con móbiles. Apreciación de dimensións espaciais: agrupación e dispersión de obxectos, encher espacios, etc.</p>	<p>6. Coordinación dinámica xeral mediante: desprazamentos, suspensións e xiros.</p> <p>7. Coordinación visomotora utilizando calquera parte do corpo con obxectos estáticos e en movemento.</p> <p>8. Orientación espacial en relación consigo mesmo, ós demais e a outros obxectos orientados.</p> <p>9. Apreciación de distancias con respecto ós outros e a obxectos en movemento.</p> <p>10. Reproducción e execución de estruturas rítmicas.</p> <p>11. Apreciación de traxectorias e velocidades nos propios desprazamentos, con móbiles e cos demais.</p> <p>Actitudes.</p> <p>1. Actitude de respecto para o seu propio corpo e o dos demais, valorando as súas posibilidades, para si aumentala súa independencia e confianza.</p>	<p>7. Estructuración espacial en situacións máis complexas respecto ós mecanismos de percepción, decisión e execución.</p> <p>8. Apreciación de distancias en situacións de xogo.</p> <p>9. Percepción, organización e representación espacio-temporal en situacións reais de xogo.</p> <p>10. Experimentación e exploración das capacidades perceptivo-motrices en entornos cambiantes e con varios elementos.</p> <p>Actitudes.</p> <p>1. Aceptación da súa realidade corporal: posibilidades e limitacións.</p> <p>2. Actitude positiva para o coidado e desenrolo do seu corpo, aumentando a seguridade e confianza nun mesmo.</p>

Primeiro Ciclo	Segundo Ciclo	Terceiro Ciclo
<p>7. Coordinación visomotora con mans e pés en situacións estáticas e desprazamentos simples.</p> <p>8. Coordinación dinámica xeral mediante:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Desprazamentos simples, variando o número de apoios e superando obstáculos en situación estática. - Tropa es suspensión en alturas pequenas. <p>9. Equilibrio estático e dinámico: sen obxectos, sobre obxectos estables e inestables, levando obxectos en situacións simples.</p> <p>Actitudes.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. De respecto para o propio corpo. 2. De autoestima e autosuficiencia (confianza en si mesmo e autonomía persoal). 		

4.2. O CORPO: HABILIDADES E DESTREZAS

Primeiro Ciclo	Segundo Ciclo	Terceiro Ciclo
<p>Conceptos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Desprazamentos. 2. Saltos. 3. Xiros. 4. Lanzamentos e recepcións. <p>Procedementos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Mellora-la progresión dun punto a outro do espacio utilizando como medio o movemento 	<p>Conceptos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Aumento das posibilidades de movemento e mellora da calidade dos movementos xa coñecidos. 2. Habilidades básicas. 3. Competencia motriz aptitude e habilidades. 	<p>Conceptos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Calidades físicas do movemento (formas e posibilidades). 2. Habilidades básicas como fundamentos de actividades organizadas: xogos e actividades predeportivas. 3. Aptitude e uso de habilidades básicas en distintos

corporal.		medios.
Primeiro Ciclo	Segundo Ciclo	Terceiro Ciclo
<p>1.a. Realización de carreiras curtas.</p> <p>1.b. Utilización e manexo de formas sinxelas de desprazamento en espazos coñecidos.</p> <p>2. Desenrolo do despegue do chan como consecuencia dunha extensión forte dunha ou ámbalas dúas pernas.</p> <p>3. Rotacións nos eixes ideais: lonxitudinal, vertical, antero-posterior e transversal.</p> <p>4. Lanzamentos e recepcións con certa precisión de man a pé.</p> <p>Actitudes.</p> <p>1. Colaboración, participación e interese en toda actividade motora, aceptando os resultados e situacións contrarias que se produzan.</p> <p>2. Autonomía e confianza nas súas propias habilidades motoras.</p>	<p>Procedementos.</p> <p>1. Mellora-las habilidades básicas en entornos estables incidindo máis nos mecanismos de execución cualitativos.</p> <p>2. Adaptación das habilidades motrices a outros medios distintos do escolar.</p> <p>3. Acondicionamento físico xeral.</p> <p>Actitudes.</p> <p>1. Interese por aumenta-la competencia e habilidade motoras, intentando supera-las propias posibilidades e limitacións.</p> <p>2. Participación en tódalas actividades, aceptando as dificultades que houbera en canto a nivel de destreza.</p>	<p>Procedementos.</p> <p>1. Mellora das habilidades básicas en entornos cambiantes incidindo máis nos mecanismos de decisión e control.</p> <p>2. Adaptación das habilidades motrices a outros medios distintos ó escolar con certa desenvolvemento.</p> <p>3. Acondicionamento físico xeral.</p> <p>Actitudes.</p> <p>1. Valoración do traballo motor persoal.</p> <p>2. Interese en aumenta-las competencia e habilidade motoras valorando as súas propias posibilidades e limitacións, inténtano superalas.</p> <p>3. Participación en tódalas actividades, valorando e aceptando as diferencias que haxa no nivel de destrezas.</p>

4.3. O CORPO: EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN

Primeiro Ciclo	Segundo Ciclo	Terceiro Ciclo
<p>Conceptos.</p> <p>1. O corpo, o xesto e o movemento como instrumentos naturais de expresión e comunicación.</p> <p>2. Asociación entre ritmo e movemento natural.</p> <p>3. O baile e a dan-</p>	<p>Conceptos.</p> <p>1. Posibilidades expresivas do movemento, individual e grupal (mímica, danza e dramatización).</p> <p>2. Ritmo e movemento individual en relación cos demais. Estructuras</p>	<p>Conceptos.</p> <p>1. Posibilidades expresivas de movemento e comunicación (baile, danza, coreografía, mimo e dramatización).</p>

za.	rítmicas simples	
Primeiro Ciclo	Segundo Ciclo	Terceiro Ciclo
<p>4. Relacións corporais: sensoriais, expresivas e motrices.</p> <p>Procedementos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Realizacións xestuais de feitos da vida cotiá. 2. Reproducción de secuencias e ritmos sinxelos, adecuando cada movemento ós mesmos: globalmente, utilizando unicamente extremidades superiores ou inferiores. 3. Execucións de bailes e danzas sinxelas, tradicionais ou inventadas. 3.a. Interpretación de diversas formas de estado de ánimo e distintas captacións sensoriais. <p>Actitudes.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Gusto polo corpo e o seu coidado. 2. Toma de conciencia das situacións de risco para nós e os demais. 	<p>3. Elementos cualitativos do movemento: o tempo (rápido/lento), peso (movementos fortes e lixeiros), espaciais (como nos movemos).</p> <p>Procedementos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Experimentación das posibilidades e recursos expresivos do propio corpo, mediante o mesmo, a danza ou a dramatización, en situacións referidas a sentimentos (ledicia, tristura...) e sensacións.. 2. Adecuación do movemento a diferentes secuencias e ritmos 3. Exploración e integración dos elementos cualitativos do movemento relacionándoos con sensacións e estados de ánimo. <p>Actitudes.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Actitude de interese en relación co uso expresivo e comunicativo do corpo e do movemento intentando melloralas calidade dos mesmos. 2. Participacións en situacións que supoñan comunicación con outros, utilizando recursos motores e corporais de xeito espontáneo. 	<p>2. Ritmo e movemento individual en relación cos demais e cos obxectos. Estructuras rítmicas simples.</p> <p>Procedementos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Experimentación das posibilidades e recursos expresivos do propio corpo mediante o baile, a danza, o mimo e a dramatización en grupo. 2. Adecuación do movemento a diferentes secuencias e ritmos xa sexa individual ou grupalmente. 3. Relación entre os elementos cualitativos do movemento e as sensacións e estados de ánimo, elaborando mensaxes con intención comunicativa. <p>Actitudes.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Valoración dos usos expresivos e comunicativos do corpo. 2. Interese por descubrir novas posibilidades de movemento que lle axuden a comunicarse mellor cos demais.

4.4. SAÚDE CORPORAL		
Primeiro Ciclo	Segundo Ciclo	Terceiro Ciclo
<p>Conceptos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Coidado do corpo, hábitos básicos de hixiene corporal, alimentación, control postural, vestuario, etc. 2. Normas mínimas de seguridade e prevención de accidentes. <p>Procedementos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Autonomía para vestirse e espirarse. 1.a. Adopción de hábitos de hixiene corporal e actitude postural. 2. Uso axeitado de espazos en entornos habituais. 2.a. Adopción das medidas básicas de seguridade no uso de espazos e materiais. <p>Actitudes.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Gusto polo corpo e o seu coidado. 2. Toma de conciencia das situacións de risco para nós e para os demais. 	<p>Conceptos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Coidado do corpo: hixiene, alimentación, afianzamento do control postural e quecemento e relaxación como acondicionamento e normalización da actividade física. 2. Medidas de seguridade e prevención de accidentes na práctica da actividade física e no uso de materiais e espazos. <p>Procedementos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Consolidación de hábitos de hixiene corporal e postural. 2. Práctica do quecemento global como adaptación corporal á actividade física. 2.a. Atención e concentración na execución. 2.b. Relaxación global como adecuación corporal. 3. Adopción de medidas básicas de seguridade e utilización correcta dos espazos e materiais. <p>Actitudes.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Interese polo coidado do corpo (hábitos de limpeza, gusto polo exercicio para sentirse mellor). 	<p>Conceptos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Coidado do corpo: hixiene, alimentación, afianzamento do control postural e quecemento e relaxación como acondicionamento e normalización da actividade física e iniciación ó control do esforzo. 2. Medidas de seguridade e prevención de accidentes na práctica da actividade física e no uso de materiais e espazos en distintos medios. <p>Procedementos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Consolidación de hábitos de hixiene corporal e postural. 2. Práctica do quecemento global como adaptación corporal á actividade física. 2.a. Atención e concentración na execución. 2.b. Relaxación específica despois de exercicios de gran intensidade e global ó remate das sesións.. 2.c. Adecuación do esforzo en relación á actividade a desenrolar. 3. Adopción de medidas básicas de seguridade e utilización correcta dos espazos e materiais.

Primeiro Ciclo	Segundo Ciclo	Terceiro Ciclo
	<p>2. Toma de conciencia dos propios límites e posibilidades para evitar que se produza calquera perigo para a saúde na actividade física.</p>	<p>Actitudes.</p> <p>1. Interese polo coidado do corpo (consolida-los hábitos de hixiene e identifica-la actividade física coa saúde e o coidado do corpo).</p> <p>2. Valoracións das súas posibilidades e das situacións de risco que se deriven da actividade física.</p>

4.5. OS XOGOS.

Primeiro Ciclo	Segundo Ciclo	Terceiro Ciclo
<p>Conceptos.</p> <p>1. Tipos de xogos e actividades predeportivos.</p> <p>2. Xogos de patio.</p> <p>3. Xogos sensoriais.</p> <p>4. Xogos xestuais non específicos.</p> <p>5. As regras no xogo organizado e a súa aplicación.</p> <p>Procedementos.</p> <p>1. Práctica de xogos populares e tradicionais característicos da zona.</p> <p>2. Practicar xogos de cooperación /oposición.</p> <p>3. Practicar xogos de patio non regulados e con regras sinxelas.</p> <p>Actitudes.</p> <p>1. De respecto ás diferencias dos demais.</p>	<p>Conceptos.</p> <p>1. Xogo libre e xogo organizado.</p> <p>2. Xogos populares e tradicionais do seu entorno próximo.</p> <p>3. As regras básicas dos distintos xogos.</p> <p>Procedementos.</p> <p>1. Práctica de xogos libres e organizados.</p> <p>2. Práctica de xogos populares e tradicionais do seu entorno próximo.</p> <p>3. Utilización de regras en xogos colectivos, que presenten maior dificultade nalgún factor (exemplo: delimitación do espacio de acción).</p>	<p>Conceptos.</p> <p>1. Xogo libre e xogo organizado.</p> <p>2. Xogos populares e tradicionais da Comunidade Autónoma.</p> <p>3. Xogos adaptados e de iniciación deportiva.</p> <p>4. As regras nos xogos organizados, populares e tradicionais, adaptados e de iniciación deportiva.</p> <p>Procedementos.</p> <p>1. Práctica de xogos libres e organizados.</p> <p>2. Práctica de xogos populares e tradicionais da súa rexión e recolección de información sobre dos mesmos.</p>

Primeiro Ciclo	Segundo Ciclo	Terceiro Ciclo
<p>2. Actitude de diversión e participación, non de competición.</p> <p>3. De aceptación das normas de xogo e do papel que lle corresponde.</p>	<p>4. Práctica de xogos nos que sexa necesario empregar estratexias de cooperación /oposición.</p> <p><i>Actitudes.</i></p> <p>1. Participación en xogos de forma activa e con interese, independentemente do xogo do que se trate.</p> <p>2. Respecto polas regras de xogo así coma por tódolos xogadores, aceptando os diferentes niveis de destreza e o feito de gañar ou perder sen menosprezo do contrario.</p>	<p>3. Práctica de deportes adaptados mediante a flexibilidade das normas de xogo.</p> <p>4. Utilización de regras en xogos colectivos que presenten maior dificultade en varios factores á vez.</p> <p>5. Práctica de xogos nos que o neno elabore diferentes estratexias e adopte a máis apropiada á circunstancia.</p> <p><i>Actitudes.</i></p> <p>1. Participación en diferentes tipos de xogos considerando o seu valor funcional e recreativo por encima dos estereotipos.</p> <p>2. Aceptación dos diferentes niveis de destreza, tanto en si mesmo coma nos outros, e na práctica de xogos de todo tipo.</p> <p>3. Aceptación do reto que supón opoñerse a outros en situacións de xogo, sen que isto derive en actitudes de rivalidade e menosprezo.</p>

5. Criterios metodolóxicos e organización.

Pretendemos que os alumnos e alumnas exploren, descubran e crean nas súas posibilidades de movemento, xunto a unha valoración das mesmas. Prestaremos especial atención ós coñecementos previos que teñan os alumnos e alumnas, e ás súas diferencias específicas debidas ó factor sexo. Todo isto lévanos a unha atención individualizada, que responda ós diferentes ritmos de aprendizaxe e que respecte as dificultades que cada alumno poida

atopar.

Non hai que conseguir unha resposta motriz única e válida para tódolos alumnos, senón mellora-la súa competencia motriz con respecto ó punto de partida.

O neno a través de xogos de ocupación do espacio e de exercitar aspectos temporais, aprende a utilizar e organiza-lo movemento. Máis adiante combina aspectos de espacio e tempo en estruturas máis complexas.

Trataremos de desenrolar nos alumnos capacidades motrices e habilidades e destrezas básicas para futuras prácticas da actividade física. Establécense situacións nas que se deben dar unhas respostas motrices, coma a realización de diferentes tipos de xogos, cunha dificultade gradual.

As situacións de ensino-aprendizaxe contemplan contidos propios da expresión corporal, que nestas idades danse moi relacionadas cos contidos e habilidades perceptivas e esquema corporal, e ademais, actividades xenéricas de ensino/aprendizaxe con contidos de expresión e comunicación.

Dentro da área de Educación Física sistematizamos contidos referentes á saúde corporal e incluimos procedementos e actitudes considerados beneficiosos para o coidado que require o corpo. Tamén se terán en conta os contidos transversais no momento axeitado.

Os xogos pasan a ser deportes xogados.

Xogos de cooperación e cooperación/oposición.

Xogos de destreza e adaptación.

Xogos de adaptación e habilidades deportivas.

Xogos tradicionais e autóctonos.

Xogos de simulación.

Xogos no campo.

As agrupacións de alumnos serán as que determine en cada momento, individual, por parellas, pequeno grupo, grupo clase, etc.

6. Material e recursos.

Serán os dispoñibles en cada momento no centro.

7. Avaliación.

Basicamente o que se expón de seguido, é válido para tódolos ciclos da Ensino Primaria.

Por medio da avaliación flexible, e non dun xeito mecánico, tendo en conta o ciclo educativo do alumnado e as súas propias características e posibilidades, coñecerase o nivel de cumprimento dos obxectivos xerais.

Terase en conta que ademais, a avaliación cumpre unha función formativa, indicando ó profesor se todo marcha ben, ou se polo contrario debe aplicar mecanismos correctores para as insuficiencias dos alumno, ou para a súa propia metodoloxía. Comeza no principio do proceso de aprendizaxe e remata no momento da avaliación final ou sumativa, na que se valoran os resultados conquistados polo alumno ou a alumna en relación coas capacidades indicadas nos obxectivos xerais.

Pero para chegar a isto pasamos por unha avaliación continua, que se realizará ó longo de todo o proceso ensino-aprendizaxe e pretende describir e interpretar, non tanto medir e clasificar, e tamén pasamos por unha avaliación global, que fixa a atención no conxunto das áreas e, en particular, nos diferentes tipos de contidos, é dicir, considera tódolos elementos e procesos que están relacionados co que é obxecto de avaliación.

Non debemos esquecer como algo fundamental en primaria, a avaliación inicial, que proporciona datos sobre os coñecementos previos dos alumnos e alumnas para decidi-lo nivel no que deben desenrolárense os novos contidos a ensinar e as relacións que deben establecerse entre eles.

A avaliación en actitudes e valores implica dificultades especiais. Algúns contidos actitudinais podémoslos comprobar na pista de xogo, ximnasio, etc., pero outros escápanse ás nosas observacións. As opinións e comportamentos serán as vías para comprobalo.

Gran parte do que o alumno aprende tanto no que a valores coma actitudes se refire, nos se lle ensina sistemática e conscientemente será tarefa do mestre recrear na práctica, actuando como modelo, os sistemas de valores, actitudes e normas, que serán asumidos e interiorizados polo alumnado nun proceso reflexivo.

O mestre autoavaliará a súa actividade na aula tendo en conta obxectivos, actividades, estratexias, metodoloxía, materiais, organización, etc.

7.1. Instrumentos e procedementos de avaliación.

Dado que os instrumentos de avaliación, deber ser variados, deben dar información concreta do que se pretende avaliar, deber utilizar distintos códigos, deber ser aplicables en situacións máis ou menos estruturadas da actividade escolar e deben permitir avalía-la transferencia dos aprendizaxes a contextos distintos daqueles nos que se adquiriron, sinalámoslos seguintes instrumentos e procedementos de avaliación:

7.1.1 Probas específicas.

- Interpretación de datos.

7.1.2 Observación sistemática.

- Pautas de observación.
- Cuestionarios de avaliación.
- Rexistros anecdóticos.
- Diarios de clase.

7.2. Criterios de avaliación para o 1º Ciclo de E. Primaria.

1. Orientarse no espazo, con relación a un mesmo, utilizando as nocións topolóxicas básicas (esquerda, dereita, adiante, atrás, arriba, abaixo, dentro, fóra, cerca, lonxe).
2. Sincroniza-lo movemento corporal mediante estruturas rítmicas sinxelas e coñecidas.
3. Utilizar na actividade corporal a habilidade de xirar sobre o eixo lonxitudinal transversal para aumenta-la competencia motriz.
4. Desprazarse, en calquera tipo de xogo, mediante unha carreira coordinada con alternancia brazo-perna e un apoio axeitado e activo do pé.
5. Ter incrementadas globalmente as capacidades físicas básicas de acordo co movemento de desenrolo motor, acercándose ós valores formais do grupo de idade e no entorno de referencia, reaccionar diante das informacións auditivas ou visuais que chegan do entorno empregando o movemento ou os acenos. (Patróns motores, movementos expresivos, acenos, inmovilidade).
6. Identificar como accións saudables as normas de hixiene persoal asociadas coa realización de actividades físicas (lava-las mans despois de xogar, cambiarse de roupa cando está lixada ou suada, practicándoas habitualmente.
7. Colaborar activamente no desenrolo de xogos de grupo mostrando unha

actitude de aceptación ós demais e de superación das pequenas frustracións que se poidan producir.

7. 3. Criterios de avaliación para o 2º Ciclo de E. Primaria.

1. Utiliza-las nocións topolóxicas para orientarse no espacio con relación á posicións dos outros e dos obxectos.
2. Reproducir estruturas rítmicas coñecidas mediante o movemento corporal ou con instrumentos.
3. Saltar coordenadamente batendo cunha con ámbalas dúas pernas en función das características da acción que se vai realizar.
4. Lanzar cunha man un obxecto coñecido compoñendo un xesto coordinado (adianta-la perna contraria ó brazo de lanzar).
5. Ter incrementadas globalmente as capacidades físicas básicas de acordo co momento de desenrolo motor acercándose ós valores formais do grupo de idade no entorno de referencia.
6. Representar, mediante escenificacións ou imitacións a personaxes, obxectos e accións cotiás utilizando o corpo e o movemento como medios de expresión.
7. Participar nas actividades físicas axustando a súa actuación ó coñecemento das propias posibilidades e limitacións corporais e de movemento.
8. Respecta-las normas establecidas nos xogos recoñecendo a súa necesidade para unha correcta organización e desenrolo dos mesmos.

7. 4. Criterios de avaliación para o 3º Ciclo de E. Primaria.

1. Axusta-los movementos corporais a diferentes cambios das condicións dunha actividade tales coma a súa duración e o espacio onde se realiza.
2. Propor estruturas rítmicas sinxelas e reproducilas corporalmente ou con instrumentos.
3. Anticiparse á traxectoria dun obxecto realizando os movementos axeitados para collelo ou batelo.
4. Botar pelotas de xeito coordinado alternativamente con ámbalas dúas mans desprazándose por un espacio coñecido.
5. Ter incrementadas globalmente as capacidades básicas de acordo co momento de desenrolo motor, acercándose ós valores normais do grupo de idade no entorno de referencia.
6. Utiliza-los recursos expresivos do corpo para comunicar ideas e sentimentos, e representar personaxes ou historias reais ou imaxinarias.
7. Sinalar algunhas das relacións que se establecen entre a práctica correcta e habitual de exercicio físico e a mellora da saúde individual e colectiva.
8. Identificar, como valores fundamentais dos xogos e a práctica de actividades de iniciación deportiva, o esforzo persoal e as relacións que se establecen co grupo, dándolles máis importancia cá outros aspectos da competición.

8. Temporalización.

C. P. " Gregorio Sanz "				
Semanas		EDUCACIÓN PRIMARIA Primeiro Ciclo: Primeiro e Segundo.		
1º T R I M E S T R E	SETEMBRO	A	Presentación.	
		B	Talla/ Masa corporal	
		C	Test de Aptitude Física	
	OUTUBRO	1	ESQUEMA, IMAXE E PERCEPCIÓN CORPORAL	O neno e o seu corpo. Percepción Espacial Percepción Temporal Coordenación visomotora Primeira avaliación. Axuste da programación.
		2		
		3		
		4		
		5		
	NOVEMBRO	6		
		7		
		8		
	DECEMBRO	9		
10				
11				
12				
2º T R I M E S T R E	XANEIRO	13	OS XOGOS E A EDUCACIÓN PARA A SAÚDE, DESENVOLVIMOS DURANTE TODO O CURSO.	
		14		
		15		
		16		
	FEBREIRO	17		
		18		
		19		
		20		
	MARZO	21		
		22		
		23		
		24		
3º T R I M E S T R E	ABRIL	25	Equilibrio Corporal. Desprazamentos. Saltos. Xiros. Lanzamentos-Recepcións. Segunda Avaliación. Lanzamentos-Recepcións. Imitacións. Representacións. Ritmo	
		26		
		27		
		28		
		29		
		30		
	MAIO	31		
		32		
		33		
		34		
XUÑO	35	Terceira avaliación.		
	36	Avaliación final.		

